ESTATUTOS DO CLUB DEPORTIVO GONDOMAR TM

Texto Refundido tras a modificación aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Denominación, Natureza e Réxime Xurídico.

1. O Club Deportivo Gondomar TM é unha entidade deportiva de carácter privado, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
2. O Club rexerase polos presentes Estatutos, polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno e representación e, en todo caso, polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no Decreto 85/2014, do 10 de xullo (Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia), e na demais lexislación deportiva galega e estatal que lle sexa de aplicación.
3. O Club atópase inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co número C-15181. A aprobación destes Estatutos será comunicada ao devandito Rexistro para a inscrición da súa modificación e a ratificación do seu texto refundido.

Artigo 2. Fins e Actividades.

1. O Club Gondomar TM ten como fin principal o fomento e a práctica da modalidade deportiva de Tenis de Mesa en todos os seus niveis e categorías.
2. Outros fins do club son: impulsar a canteira, favorecer a participación deportiva e competir con ambición nos distintos niveis do Tenis de Mesa, desde unha perspectiva claramente inclusiva. Gondomar TM aposta pola igualdade de oportunidades,

promovendo activamente a participación de mulleres e facilitando o acceso ao deporte a persoas con discapacidade e a colectivos con necesidades específicas, como persoas afectadas polo párkinson, entendendo o tenis de mesa tamén como ferramenta de integración social, saúde e benestar.

3. Para a consecución destes fins, o Club desenvolverá as seguintes actividades:

   a) Organización de adestramentos e preparación técnica e física adaptada aos distintos niveis e categorías.

   b) Inscrición e participación en competicións oficiais e amigables a nivel local, autonómico, nacional ou internacional.

   c) Creación de programas específicos destinados a fomentar e incrementar a participación activa de mulleres no tenis de mesa.

   d) Deseño e dirección de adestramentos adaptados para persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, eliminando barreiras técnicas.

   e) Execución de sesións deportivas con fins terapéuticos, especificamente dirixidas a persoas afectadas pola enfermidade de Párkinson ou patoloxías similares.

   f) Realización de obradoiros, xornadas de portas abertas e actividades de integración para colectivos en risco de exclusión social.

   g) Promoción e xestión de eventos deportivos, torneos, exhibicións e xornadas de divulgación do deporte inclusivo.

   h) Subscrición de convenios de colaboración con entidades públicas, privadas, asociacións de saúde e organizacións sociais para o desenvolvemento de proxectos de benestar comunitario.

   i) Aplicación de protocolos de protección de menores, códigos de conduta e programas de formación en valores, xogo limpo e prevención da violencia no deporte.

Artigo 3. Domicilio Social.

1. O domicilio social do Club establécese en: Campo da Feira, 34. San Bieito 36380 Gondomar. PONTEVEDRA. (ESPAÑA).
2. O traslado do domicilio social dentro do mesmo municipio poderá ser acordado pola Xunta Directiva, debendo ser ratificado na seguinte Asemblea Xeral Ordinaria. O traslado a outro municipio requirirá acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria e a conseguinte modificación estatutaria. En ambos os dous casos, comunicarase ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 4. Ámbito Territorial.

O ámbito principal de actuación do Club é o da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa participación en actividades ou competicións de ámbito superior (estatal ou internacional) ou da integración en entidades de ámbito distinto, de acordo coa normativa vixente.

TÍTULO II: DOS SOCIOS/AS

Artigo 5. Clases de Socios/as.

1. O Club Gondomar TM estará integrado polas seguintes clases de socios/as:

   a) Socios/as Numerarios/as: Todas as persoas físicas maiores de idade que, tras a súa admisión, satisfagan as cotas establecidas. Teñen dereito a voz e voto nas Asembleas Xerais dende o momento da súa alta definitiva. Terán tamén esta consideración de socios/as numerarios/as as persoas fundadoras que subscribiron a acta fundacional.

   b) Socios/as Aspirantes: Todas as persoas menores de idade que practiquen deporte no club ou queiran formar parte da entidade. Teñen dereito ao uso das instalacións e servizos do club mediante a

cota que se fixe, pero carecen de dereito a voto. Ao cumprir a maioría de idade, pasarán automaticamente á categoría de Socios/as Numerarios/as.

c) Socios/as de Honra: Aquelas persoas ou entidades ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción por méritos relevantes ou pola súa especial contribución ao Club. Terán un posto de preferencia nos actos oficiais, carecerán de voto (salvo que tamén sexan socios de número) e estarán exentos do pago de cotas ordinarias.

2. O Club poderá contar con deportistas e xogadores/as federados/as que representen á entidade en competicións oficiais sen que estes/as teñen que ostentar necesariamente a condición de socio/a. A incorporación de ditos/as deportistas ao club requirirá, en todo caso, o acordo de aprobación expresa da Xunta Directiva. O seu réxime de dereitos, obrigas, acceso aos adestramentos, uso de instalacións e a súa vinculación co club regularase polo establecido nos presentes Estatutos, polo Regulamento de Réxime Interno do Club e polas disposicións e acordos que adopte a Xunta Directiva, sen prexuízo do establecido na lexislación deportiva aplicable e quedando en todo caso sometidos á potestade disciplinaria do Club.

Artigo 6. Adquisición da Condición de Socio/a.

1. Para adquirir a condición de Socio/a Numerario/a requírese ser persoa física maior de idade con plena capacidade de obrar, presentar unha solicitude por escrito (en formato físico ou telemático) dirixida á Presidencia, ser admitido mediante acordo da Xunta Directiva e aboar as cotas establecidas pola Asemblea Xeral.

2. Para adquirir a condición de Socio/a Aspirante requírese ser menor de idade, contar coa autorización expresa e escrita do pai, nai ou titor legal, presentar a correspondente solicitude por escrito (en formato físico ou telemático) dirixida á Presidencia, ser admitido

mediante acordo da Xunta Directiva e satisfacer as cotas que se determinen para esta categoría. Os Socios/as Aspirantes pasarán a ser Socios/as Numerarios/as de xeito automático ao cumprir a maioría de idade, asumindo nese mesmo momento a plenitude de dereitos e obrigas sociais, incluído o dereito a voz e voto.

3. Para a concesión da distinción de Socio/a de Honra será necesaria a proposta motivada da Xunta Directiva e a súa posterior ratificación pola Asemblea Xeral.

4. A condición de socio/a, en calquera das súas modalidades, é estritamente persoal e intransmisible.

5. O número de socios/as do Club será ilimitado, aínda que a Asemblea Xeral poderá acordar a suspensión temporal da admisión de novas altas cando existan razóns de aforo, seguridade ou limitación da capacidade das instalacións deportivas que así o xustifiquen.

6. A Xunta Directiva poderá denegar motivadamente a admisión dunha persoa solicitante cando concorran circunstancias obxectivas, debidamente acreditadas e de plena actualidade que permitan concluír, de forma razoable, que a súa incorporación supón un risco certo e grave para a convivencia interna, a integridade dos membros do club ou o normal desenvolvemento das actividades.

   Para evitar calquera arbitrariedade, a denegación deberá basearse exclusivamente nos seguintes criterios:

   a) Ter realizado condutas graves nun prazo non superior aos últimos tres (3) anos que fosen obxecto de sanción firme, denuncia policial ou procedemento xudicial, e que afecten directamente ao club ou aos seus membros.

   b) A realización de condutas violentas, de acoso ou antideportivas que motivasen a súa expulsión firme doutras entidades deportivas ou a prohibición de acceso a recintos deportivos por parte das autoridades competentes.

c) A existencia de conflito de intereses ou fins alleos ao club. Valorarase como tal o exercicio de cargos de responsabilidade en clubs competidores, ou cando existan indicios probados de que a incorporación, sexa individual ou coordinada, ten por obxecto a instrumentalización do club para fins de sabotaxe institucional, paralización ou disolución en beneficio de terceiras entidades.

A denegación deberá acordarse mediante resolución motivada, deixando constancia por escrito das razóns que a xustifican e respectando os principios de igualdade e non discriminación. A persoa solicitante poderá solicitar a revisión da decisión ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

7. Transcorrido o prazo de corenta e cinco (45) días naturais dende a recepción da solicitude de admisión sen que a Xunta Directiva notifique de xeito expreso a súa denegación motivada (conforme ao Artigo 6.6), a solicitude entenderase aceptada, adquirindo a persoa solicitante a condición de socio/a de pleno dereito a todos os efectos, sen necesidade de ningunha notificación expresa de confirmación por parte do Club.

Artigo 7. Dereitos dos Socios/as.

Son dereitos dos socios/as:

a) Participar en todas as actividades deportivas e sociais que organice o Club.

b) Utilizar as instalacións, material e servizos comúns do Club, de acordo coas normas que regulen o seu uso.

c) Ser informado acerca do desenvolvemento das actividades, proxectos e marcha xeral do Club.

d) Asistir con voz e voto ás reunións da Asemblea Xeral, dereito que corresponde aos Socios/as Numerarios/as dende a súa admisión.

e) Ser elector e elixible nos procesos electorais do Club, dereito reservado exclusivamente aos Socios/as Numerarios/as que cumpran o requisito de antigüidade de seis (6) meses establecido no Artigo 30.

f) Acceder á documentación oficial e libros do Club, dereito reservado exclusivamente aos Socios/as Numerarios/as mediante petición razoada á Presidencia. O exercicio deste dereito realizarase nos prazos e forma que a Xunta Directiva estableza para non interromper a xestión ordinaria do club.

g) Posuír un exemplar dos presentes Estatutos e coñecer os acordos adoptados polos órganos do Club.

h) Separarse libremente do Club en calquera momento sen necesidade de xustificación.

i) Presentar suxestións, queixas ou reclamacións ante a Xunta Directiva.

Artigo 8. Obrigas dos Socios/as.

Son obrigacións de todos os socios/as:

a) Compartir as finalidades do Club e colaborar para a súa consecución.

b) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados.

c) Aboar puntualmente as cotas (entrada, periódicas, extraordinarias), así como as tarifas, prezos ou achegas polos adestramentos ou servizos opcionais nos que se atope inscrito.

d) Manter unha conduta cívica e deportiva acorde cos principios do Club.

e) Desempeñar coa debida dilixencia as obrigas do cargo para o que fosen elixidos/as.

Artigo 9. Perda da Condición de Socio/a.

A condición de socio/a perderase por:

a) Vontade propia, comunicada por escrito. Neste caso, non poderá solicitar unha nova admisión como socio/a ata que transcorran polo menos seis (6) meses dende a data de efectividade da baixa.

b) Pola suspensión da condición de socio/a cando esta se prolongue por un período superior a doce (12) meses consecutivos. A suspensión producirase por solicitude voluntaria do socio ou automaticamente pola falta de pagamento de calquera das cotas periódicas establecidas pola Asemblea Xeral, así como de calquera das tarifas polos servizos de adestramento ou actividades fixadas pola Xunta Directiva nas que o socio se atope inscrito, previo requirimento de pago por parte da Tesouraría. Durante o período de suspensión non se xerarán novas cotas e/ou tarifas. O socio/a poderá reactivar a súa condición en calquera momento dentro do prazo de doce meses aboando a cota dos meses non pagados xunto coa cota do mes en curso, recuperando a plena condición de socio/a e a antigüidade acumulada sen perda algunha. Transcorrido o prazo de doce meses sen reactivación, producirase a baixa definitiva.

c) Por sanción firme de expulsión acordada por falta moi grave.

d) Por falecemento.

e) Por perda dos requisitos establecidos para ser socio/a.

TÍTULO III: ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 10. Órganos do Club.

Son órganos de goberno e representación do Club Gondomar TM:

a) A Asemblea Xeral.

b) A Xunta Directiva.

c) O/A Presidente/a.

Artigo 11. A Asemblea Xeral: Composición e Competencias.

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno e expresión da vontade do Club. Estará integrada por todos os/as Socios/as Numerarios/as ao corrente das súas obrigas.
2. Competencias exclusivas:
    a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
    b) Examinar e aprobar as contas anuais e o orzamento.
    c) Elixir e cesar, mediante sufraxio libre, directo e secreto, ao/á Presidente/a do Club, e tomar coñecemento do nomeamento ou cesamento dos demais membros da Xunta Directiva designados por este/a.
    d) Aprobar a modificación dos Estatutos.
    e) Acordar a disolución do Club.
    f) Establecer as cotas de socio/a.

Artigo 12. Clases e Convocatoria da Asemblea Xeral.

1. As Asembleas Xerais poderán ser Ordinarias e Extraordinarias.
2. A Asamblea Ordinaria reunirase unha vez ao ano, dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio económico (ano natural).
3. A Asamblea Extraordinaria reunirase cando o considere necesario a Xunta Directiva ou o solicite polo menos o 25% dos socios/as con dereito a voto.
4. As convocatorias serán cursadas polo/pola Secretario/a por orde da Presidencia (ou polo órgano ou socios/as que promovan a iniciativa nos casos previstos nestes Estatutos) con polo menos 15 días

naturais de antelación, indicando lugar, día, hora e a correspondente Orde do Día.

5. As convocatorias e comunicacións poderán realizarse por correo electrónico ou a través de aplicacións de mensaxería instantánea aos enderezos e números de teléfono facilitados polos socios, considerándose validamente efectuada a notificación dende o momento de xustificación do seu envío aos datos de contacto que consten no Rexistro do Club, sendo responsabilidade exclusiva de cada socio/a manter ditos datos debidamente actualizados.
6. Os/As socios/as que representen polo menos o quince por cento (15%) do censo poderán presentar proposicións para a súa inclusión na Orde do Día da Asemblea Ordinaria.

Artigo 13. Quórum e Adopción de Acordos na Asemblea Xeral.

1. Quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando asistan un terzo dos socios/as con dereito a voto; en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes.
2. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos, salvo casos especiais (modificación de estatutos, disolución do club, disposición de bens, moción de censura, tomar diñeiro a préstamo ou gravar bens mobles ou inmobles do Club) que requirirán unha maioría cualificada de dous terzos (2/3).
3. O voto é persoal e indelegable.

Artigo 14. A Xunta Directiva: Composición e Elección.

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado que xestiona os intereses do Club e executa os acordos da Asemblea.
2. A Xunta Directiva estará composta por un número impar de membros (incluído o/a Presidente/a), sendo o mínimo de tres persoas:

un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e un/unha Tesoureiro/a. De xeito opcional, tamén poderá contar con un/unha Vicepresidente/a e Vogais.

3. Corresponde ao/á Presidente/a a facultade exclusiva de designar e cesar libremente aos demais membros da Xunta Directiva (Secretario/a, Tesoureiro/a e, no seu caso, Vicepresidente/a e Vogais) de entre os/as Socios/as Numerarios/as que non estean incursos en causa de incompatibilidade. Estes nomeamentos e cesamentos deberán ser comunicados á Asemblea Xeral na primeira sesión que esta celebre para a súa toma de coñecemento.

4. O/A Presidente/a cesará nas súas funcións por algunha das seguintes causas:

   a) Esgotamento do prazo de catro anos polo que foi elixido/a.

   b) Dimisión voluntaria presentada por escrito.

   c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica que lle impida o cargo.

   d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.

   e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción administrativa deportiva.

   f) Perda da condición de socio/a do Club.

5. O cesamento, dimisión ou falecemento do/da Presidente/a implicará o cesamento automático de todos os membros da Xunta Directiva, permanecendo estes en funcións unicamente para a xestión ordinaria da entidade ata a toma de posesión da nova Presidencia. Corresponderá ao/á Vicepresidente/a a presidencia accidental co obxecto de convocar o proceso electoral; no suposto de estar vacante a vicepresidencia, a Xunta Directiva en funcións designará de entre os seus membros a quen deba asumir a presidencia accidental unicamente para iniciar o proceso electoral, en todo

caso, nun prazo máximo de trinta días dende que se produza a vacante.

6. As vacantes que se produzan na Xunta Directiva antes de finalizar o mandato, agás a da Presidencia, serán cubertas por libre designación do/da Presidente/a entre os/as Socios/as Numerarios/as, dando conta de tales nomeamentos na seguinte Asemblea Xeral para a súa toma de coñecemento.
7. Na composición e designación da Xunta Directiva, procurarase unha presenza equilibrada de mulleres e homes, promovendo a participación feminina en cargos de responsabilidade.

Artigo 15. Réxime Ético da Xunta Directiva

1. O desempeño dos cargos na Xunta Directiva é estritamente gratuíto. Os membros da Xunta Directiva non poderán percibir retribución económica algunha do Club por servizos profesionais, técnicos ou de calquera outra índole (como adestramentos ou arbitraxes) mentres dure o seu mandato.
2. Esta prohibición de cobro esténdese aos seus parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. O Club non poderá formalizar contratos remunerados con estas persoas mentres o directivo vinculado estea no cargo.
3. No caso excepcional de que as necesidades deportivas ou de xestión do Club fagan necesaria a contratación remunerada dun membro da Xunta Directiva ou dalgún dos seus parentes —ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade—, dito contrato deberá contar coa xustificación por escrito da súa necesidade e idoneidade profesional, e ser aprobado previamente pola Asemblea Xeral Extraordinaria mediante maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos socios/as presentes, debendo absterse de participar na deliberación e votación o directivo vinculado.

4. Os membros da Xunta Directiva deberán absterse de intervir na deliberación e votar en calquera asunto no que poidan ter un conflito de intereses persoal, profesional ou familiar ata o segundo grao.
5. Os membros da Xunta Directiva teñen o deber de segredo e confidencialidade respecto das deliberacións internas e de calquera información sensible do Club á que teñen acceso polo exercicio do seu cargo.
6. A Presidencia e os membros da Xunta Directiva responderán ante os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou neglixencia grave, conforme ao ordenamento xurídico vixente.

Artigo 16. Funcionamento da Xunta Directiva.

1. Reunirase por iniciativa do Presidente ou a petición dun terzo dos seus membros, polo menos trimestralmente.
2. Quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros, sendo suficiente en segunda convocatoria a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros e, en todo caso, da Presidencia; no suposto de ausencia do/da Secretario/a, as súas funcións serán asumidas de xeito accidental por aquel membro da Xunta que a Presidencia designe para esa sesión.
3. A convocatoria será cursada polo/pola Secretario/a por orde do/da Presidente/a cunha antelación mínima de dous días á data de celebración, por calquera medio físico ou telemático que garanta a súa recepción polos membros. Para estes efectos, terán plena validez legal as notificacións realizadas a través de correo electrónico ou mediante aplicacións de mensaxería instantánea aos números e enderezos facilitados por cada directivo, dándose por efectuada a notificación dende o momento do envío. A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, aínda que non

mediase convocatoria previa, cando estean presentes todos os seus membros e así o decidan por unanimidade.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes. En caso de empate, o voto do/da Presidente/a será dirimente.

5. De cada sesión levantarase unha acta por parte do/da Secretario/a, ou de quen asuma as súas funcións de xeito accidental nesa reunión, a cal deberá contar en todo caso co visto e prace do/da Presidente/a.

6. As reunións da Xunta Directiva poderán celebrarse mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que garantan a identidade dos asistentes e a integridade das comunicacións, tendo os acordos así adoptados a mesma validez que os presenciais.

Artigo 17. Competencias da Xunta Directiva.

Corresponde á Xunta Directiva:

a) Dirixir a xestión ordinaria do Club e velar polo cumprimento dos seus fins.

b) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.

c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento, as contas anuais e a memoria de actividades.

d) Elaborar e propoñer á Asemblea Xeral as modificacións de Estatutos ou Regulamentos.

e) Admitir novos/as socios/as e deportistas non socios/as, e xestionar o rexistro dos mesmos.

f) Resolver sobre as baixas de socios/as por falta de pago das cotas.

g) Abrir e tramitar expedientes disciplinarios.

h) Organizar as actividades deportivas e sociais do Club.

i) Contratar persoal se fose necesario para os fins do Club, respectando en todo caso o réxime ético de parentesco establecido no Artigo 15.

j) Representar ao Club ante terceiros, organismos públicos e privados, sen prexuízo da representación legal do/da Presidente/a.

k) Interpretar os Estatutos e suplir as súas posibles lagoas, dando conta á primeira Asemblea Xeral que se celebre.

l) Realizar gastos e investimentos destinados á adquisición de material deportivo, mobiliario ou mellora de instalacións ata un límite de 3.000€ por operación, con total autonomía de xestión sempre que o Club dispoña de liquidez suficiente, informando de dita compra na seguinte Asemblea Xeral.

m) Fixar as tarifas, prezos ou achegas polas actividades, escolas de formación, adestramentos ou servizos adicionais que ofreza o Club aos seus socios ou terceiros.

n) En xeral, calquera outra función de xestión, administración ou representación que non estea expresamente reservada pola Lei ou por estes Estatutos á Asemblea Xeral.

Artigo 18. O/A Presidente/a.

Corresponde ao/á Presidente/a:

a) Ostentar a representación legal do Club.

b) Convocar, presidir e levantar as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, dirixindo os debates e dirimindo os empates co seu voto de calidade.

c) Visar as actas e certificacións expedidas polo/pola Secretario/a.

d) Ordenar os pagos acordados validamente coa firma conxunta do/da Tesoureiro/a, agás para gastos de xestión corrente inferiores a 200 euros, que poderán ser executados de xeito individual polo Presidente ou polo Tesoureiro.

e) Velar polo cumprimento dos Estatutos e acordos dos órganos de goberno.

f) Despachar a correspondencia oficial da entidade, mantendo informado ao/á Secretario/a para a súa debida custodia e arquivo.

g) Designar e cesar libremente aos membros da Xunta Directiva.

h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 19. O/A Vicepresidente/a (Cargo opcional).

No caso de que o/a Presidente/a decida designar un/unha Vicepresidente/a, corresponderalle a este/a:

a) Substituír accidentalmente ao/á Presidente/a en casos de ausencia, vacante temporal ou enfermidade, asumindo as súas facultades de convocatoria, dirección de debates e representación interna. Con carácter xeral, o/a Vicepresidente/a non poderá, durante dita substitución accidental, cesar ou modificar a composición da Xunta Directiva, atribución que corresponde en exclusiva ao/á Presidente/a. Non obstante, como excepción, si se produce unha vacante definitiva por causas alleas á vontade do/da Vicepresidente/a (como dimisión, falecemento, incapacidade ou calquera outra causa análoga), este/a poderá designar un/unha substituto/a con carácter provisional para garantir o normal funcionamento do Club, ata a reincorporación do/da Presidente/a, quen terá a facultade de ratificar ou revogar dito nomeamento.

b) Exercer todas aquelas funcións que o/a Presidente/a lle delegue expresamente ou lle encargue para o mellor funcionamento do Club.

c) Colaborar co/coa Presidente/a na representación institucional e na supervisión das actividades do Club.

d) No caso de vacante definitiva da Presidencia, asumir o cargo en funcións co único obxecto de convocar o proceso electoral para a elección dun novo/a Presidente/a no prazo máximo de trinta días.

Artigo 20. O/A Secretario/a.

Corresponde ao/á Secretario/a:

a) A custodia da documentación oficial do Club (Libro de Actas e Libro de Rexistro de Socios/as).

b) Redactar e firmar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, co visto e prace do/da Presidente/a.

c) Expedir certificacións co visto e prace do/da Presidente/a.

d) Levar o ficheiro e o Libro de Rexistro de Socios/as actualizado.

e) Cursar as convocatorias e notificacións acordadas polos órganos de goberno.

Artigo 21. O/A Tesoureiro/a.

Corresponde ao/á Tesoureiro/a:

a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes ao Club.

b) Levar a contabilidade do Club e os libros correspondentes.

c) Preparar os balances, inventarios e orzamentos do Club para a súa aprobación pola Asemblea.

d) Realizar os pagos ordenados pola Presidencia, contando con facultade para executar de xeito autónomo gastos de xestión corrente ata un límite de 200 euros por operación, debendo dar conta dos mesmos na seguinte reunión da Xunta Directiva.

e) Controlar o cobro das cotas sociais.

Artigo 22. Os Vogais (Cargos opcionais).

No caso de que sexan designados, os Vogais exercerán as seguintes funcións:

a) Colaborar activamente no desenvolvemento das actividades do Club e apoiar ao resto de membros da Xunta Directiva nas súas tarefas.

b) Asumir a responsabilidade de áreas ou seccións específicas por encargo da Presidencia.

c) Formar parte das comisións de traballo que poidan crearse para asuntos determinados.

d) Participar con voz e voto nas reunións da Xunta Directiva, aportando suxestións e opinións para a mellora da entidade.

e) Exercer todas aquelas funcións que a Presidencia ou a propia Xunta Directiva lles delegue ou encargue de xeito expreso.

TÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO E DOCUMENTAL

Artigo 23. Patrimonio e Recursos Económicos.

1. O Club, de conformidade coa súa traxectoria previa e no momento da aprobación desta actualización estatutaria, conta cun patrimonio propio integrado polo saldo das súas contas bancarias e o material deportivo inventariado. O exercicio económico péchase con data 31 de decembro de cada ano.

2. Os recursos económicos do Club estarán constituídos por:

    a) As cotas de entrada, periódicas ou extraordinarias aportadas polos/polas socios/as.

    b) As subvencións, legados ou doazóns que poida recibir de entidades públicas, privadas ou particulares.

    c) Os ingresos que poidan obterse pola organización de actividades deportivas ou sociais.

    d) Os patrocinios e colaboracións.

    e) Calquera outro recurso lícito.

3. Os fondos do Club destinaranse integramente ao cumprimento dos seus fins, sen que poida haber reparto de beneficios entre os/as socios/as.
4. Para tomar diñeiro a préstamo ou gravar bens mobles ou inmobles do Club, será preceptivo o acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria pola maioría cualificada de dous terzos (2/3).

Artigo 24. Réxime Documental e Contable.

1. O Club levará obrigatoriamente os seguintes libros oficiais: Rexistro de Socios/as, Actas e Contabilidade.
2. No libro de Rexistro de Socios/as deberán constar o nome e apelidos dos socios/as, o seu Documento Nacional de Identidade (DNI), especificando sempre as datas de alta e de baixa.
3. No libro de Actas consignaranse todas as reunións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, a relación de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, debendo estar as actas asinadas en todo caso polo/pola Presidente/a e polo/pola Secretario/a, admitíndose para estes efectos a firma electrónica ou dixital de ambos directivos.
4. Os libros de Contabilidade permitirán obter en todo momento a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da situación financeira da entidade, debendo precisarse a orixe de todos os ingresos e o destino de todos os gastos realizados.
5. O exercicio económico do Club coincidirá co ano natural.
6. Os libros oficiais do Club poderán levarse en formato electrónico, garantindo sempre a súa integridade e seguridade, e de conformidade coas instrucións que ao respecto estableza o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
7. O Club dará publicidade a través dos seus medios de comunicación (web ou taboleiro) das subvencións e axudas públicas recibidas, así

como das contas anuais aprobadas pola Asemblea, en cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.

TÍTULO V: RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 25. Potestade Disciplinaria.

O Club exercerá a potestade disciplinaria sobre os seus socios/as e deportistas nos termos previstos nos presentes Estatutos, nos seus regulamentos internos e na lexislación deportiva vixente, particularmente na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26. Infraccións.

As infraccións ás normas do Club clasifícanse en leves, graves e moi graves:

a) Son faltas leves: descoido material leve, falta puntual inxustificada a adestramento/convocatoria ou incorrección verbal menor.

b) Son faltas graves: reincidencia en faltas leves, incumprimento de ordes directivas/técnicas, ofensa verbal/falta de respecto grave, deterioración culposa de material do club ou conduta antideportiva.

c) Son faltas moi graves: agresión física, ofensas moi graves, usurpación de atribucións, actos contra a imaxe/intereses do club, fraude documental/económica, reincidencia en faltas graves, incumprimento de sancións ou condutas antideportivas especialmente relevantes.

Artigo 27. Sancións.

As sancións aplicables, segundo a gravidade da falta, poderán ser:

a) Por faltas leves: amoestación verbal ou escrita.

b) Por faltas graves: suspensión da condición de socio/a e/ou da práctica deportiva (6 meses), inhabilitación temporal.

c) Por faltas moi graves: suspensión (2 anos), inhabilitación permanente ou expulsión definitiva.

Artigo 28. Procedemento Sancionador.

1. A imposición de sancións por faltas graves ou moi graves requirirá a incoación de expediente disciplinario pola Xunta Directiva, que nomeará a un membro da mesma, a un socio ou, se a gravidade do caso o aconsella, a un profesional externo e independente como Instrutor para que recolla as probas e formule a proposta de resolución.
2. O procedemento garantirá, como mínimo, os seguintes dereitos do expedientado:
    a) Notificación escrita do acordo de incoación e do prego de cargos.
    b) Prazo para formular alegacións e propoñer probas, de 10 días hábiles.
    c) Audiencia previa á proposta de resolución.
    d) Resolución motivada pola Xunta Directiva.
    e) Notificación da resolución, que deberá informar sobre os recursos que procedan.
3. As sancións serán executivas desde que sexan firmes en vía administrativa interna do club. Caberá recurso contra as sancións graves e moi graves ante a Asemblea Xeral.
4. A Xunta Directiva, de oficio ao inicio do expediente ou a proposta do Instrutor en calquera momento da súa instrución, poderá adoptar medidas cautelares (como a suspensión provisional de adestramentos ou o acceso ás instalacións) cando existan indicios racionais de falta grave ou moi grave e sexa necesario para garantir a convivencia, a seguridade das persoas ou a integridade dos bens do

Club. Estas medidas non poderán exceder a duración do expediente nin prexulgarán a resolución final do mesmo.

Artigo 29. Prescrición.

As infraccións prescribirán segundo os prazos establecidos na lexislación deportiva galega (actualmente: leves aos 6 meses, graves ao ano e moi graves aos 3 anos). As sancións tamén prescribirán segundo os prazos legais establecidos.

TÍTULO VI: RÉXIME ELECTORAL, MOCIÓN DE CENSURA, MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN

Artigo 30. Réxime e Proceso Electoral.

1. A elección de Presidente/a terá lugar cada catro anos ou cando o cargo quede vacante, rexéndose as votacións polas normas contidas neste artigo.
2. Para ter a condición de elector/a ou de candidato/a nas eleccións á Presidencia, será requisito imprescindible ser socio/a maior de idade, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas sociais e posuír unha antigüidade mínima e ininterrompida no Club de seis -6- meses referida á data de publicación da convocatoria.
3. Unha vez convocadas as eleccións pola Xunta Directiva, constituirase unha Xunta Electoral composta por tres socios/as con dereito a voto que non concorran como candidatos/as. Estará integrada polo socio/a de maior idade con dereito a voto (que asumirá a Presidencia da mesma) e polos dous socios/as de menor idade con dereito a voto. No caso de que algún deles fose candidato/a ou renunciase por causa xustificada, será substituído/a polo seguinte socio/a de maior ou menor idade, respectivamente. Se

tras realizar os correspondentes chamamentos non fose posible completar a súa composición por este método, as vacantes cubriranse de xeito inmediato mediante un sorteo aleatorio entre os socios e socias con dereito a voto que cumpran o requisito de non ser candidatos/as. O/A Secretario/a do Club actuará como Secretario/a da Xunta Electoral, con voz pero sen voto, para prestar soporte técnico e facilitar o acceso ao censo e á documentación necesaria.

4. O proceso electoral terá unha duración de trinta días naturais dende a súa convocatoria, dividíndose nos seguintes prazos: cinco días para exposición do censo e reclamacións, dez días para a presentación de candidaturas e cinco días para a súa proclamación definitiva tras resolver posibles impugnacións.

5. As candidaturas serán individuais para o cargo de Presidente/a. No caso de presentarse unha única candidatura válida, esta será proclamada como electa sen necesidade de realizar o acto da votación.

6. De existir varias candidaturas, a votación realizarase mediante sufraxio libre, directo e secreto nunha Mesa Electoral presidida pola propia Xunta Electoral nun día e franxa horaria fixados na convocatoria.

7. A Xunta Electoral ostentará a máxima autoridade no local habilitado para a votación, correspondéndolle a facultade de manter a orde, garantir o segredo do sufraxio e resolver de xeito inmediato e inapelable calquera incidencia ou dúbida que xurda durante o acto.

8. Durante o desenvolvemento da votación, no local habilitado para tal efecto, só se permitirá a permanencia dos membros da Xunta Electoral, do/da Secretario/a do Club en calidade de apoio administrativo, dos socios/as que nese momento estean a exercer o seu dereito ao voto, e dos candidatos/as en calidade de observadores.

9. O voto depositarase dentro dunha urna que garanta o segredo do sufraxio. Para exercer o dereito ao voto será obrigatoria a

identificación mediante DNI ou pasaporte. O voto será persoal e non se admitirá o voto por delegación ou representación.

10. Unha vez finalizada a votación, a Xunta Electoral realizará o escrutinio público das papeletas, resultando elixido/a Presidente/a o/a candidato/a que obteña o maior número de votos válidos (maioría simple).

11. En caso de empate entre dous ou máis candidatos/as, resultará elixido/a aquel que conte con maior antigüidade ininterrompida como socio/a do Club. De persistir o empate, resultará elixido/a o/a de maior idade.

12. Finalizado o escrutinio, a Xunta Electoral proclamará ao/á gañador/a, redactando a acta correspondente que deberá ser asinada polos seus membros e polo/pola Secretario/a do Club, elevándose o resultado a definitivo tras un prazo de tres días para posibles recursos internos.

13. De non presentarse ningunha candidatura válida ao finalizar o prazo establecido, a Xunta Directiva saínte continuará na xestión ordinaria do Club en funcións por un prazo máximo e improrrogable de doce (12) meses. Antes de finalizar este período, a Xunta Directiva en funcións deberá convocar obrigatoriamente un novo proceso electoral. Se tras esta segunda convocatoria o proceso electoral volvese quedar deserto por falta de candidatos/as, a Xunta Directiva en funcións deberá convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo de quince días para que os socios e socias decidan sobre a viabilidade futura da entidade ou, no seu caso, acorden a súa disolución conforme ao procedemento previsto nestes Estatutos.

Artigo 31. Moción de Censura.

1. A Asemblea Xeral poderá destituír ao/á Presidente/a mediante a adopción dunha moción de censura.

2. A moción de censura deberá ser proposta, como mínimo, pola terceira parte (1/3) dos socios/as con dereito a voto, mediante escrito motivado dirixido á Xunta Directiva.
3. Unha vez presentada a proposta, o/a Presidente/a estará obrigado/a a convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria nun prazo máximo de trinta días para tratar exclusivamente este punto.
4. Para que a moción de censura prospere e teña efectos de cesamento, requirirá o voto favorable de dous terzos (2/3) dos socios/as con dereito a voto presentes na sesión.
5. A aprobación da moción de censura implicará o cesamento inmediato do/da Presidente/a e da súa Xunta Directiva, permanecendo esta en funcións ata a elección dun novo/a Presidente/a conforme ao procedemento electoral previsto.
6. No caso de que unha moción de censura sexa rexeitada pola Asemblea Xeral, os socios/as que a subscribiron non poderán presentar nin asinar unha nova moción ata que transcorra un período de doce (12) meses dende a data da votación.
7. Non poderá presentarse ningunha moción de censura durante os primeiros seis meses de mandato dunha nova Presidencia, nin tampouco cando falte menos de seis meses para o esgotamento do mandato de catro anos establecido nestes Estatutos. Así mesmo, para poder subscribir ou asinar unha moción de censura, os/as socios/as deberán cumprir obrigatoriamente co requisito de antigüidade mínima e ininterrompida de seis (6) meses no Club, conforme ao establecido no Artigo 30.2 destes Estatutos.

Artigo 32. Modificación de Estatutos.

1. A modificación dos presentes Estatutos requirirá un acordo adoptado en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada especificamente para tal efecto.

2. Será necesaria unha maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos votos emitidos polos/polas socios/as presentes.
3. A modificación aprobada deberá ser inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia para a súa plena validez.

Artigo 33. Disolución do Club.

1. O Club disolverase polas seguintes causas:
    a) Por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada especificamente para tal obxecto, na que a disolución do Club figure como único punto da orde do día. O acordo deberá ser adoptado por unha maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos votos emitidos polos socios/as presentes con dereito a voto.
    b) Por sentenza xudicial firme.
    c) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.
2. Acordada a disolución, a Xunta Directiva asumirá as funcións de Comisión Liquidadora, procedendo á liquidación do patrimonio da entidade conforme á normativa vixente.
3. O haber líquido resultante, se o houber, destinarase a fins análogos de carácter deportivo, preferentemente no ámbito do Tenis de Mesa en Galicia, ou a entidades benéficas sen ánimo de lucro, de acordo co que decida a Asemblea Xeral que acordou a disolución, e en ningún caso poderá ser repartido entre os/as socios/as.
4. A disolución inscribirase no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

En todo o non previsto nos presentes Estatutos, estarase ao disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no Decreto 85/2014, do 10 de xullo, do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e na demais lexislación que resulte de aplicación.

Para o desenvolvemento de aspectos específicos de funcionamento, o Club poderá aprobar un Regulamento de Réxime Interior mediante acordo da Xunta Directiva, entrando en vigor ao día seguinte da súa aprobación. A Xunta Directiva comunicará o Regulamento ou calquera modificación do mesmo ao conxunto de socios/as e dará conta do mesmo na seguinte Asemblea Xeral Ordinaria para o seu coñecemento.

En todo caso, o Regulamento de Réxime Interior non poderá contradicir, limitar nin vulnerar o disposto nos presentes Estatutos. En caso de conflito entre o Regulamento e os Estatutos, prevalecerá en todo momento o establecido nestes últimos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

1. A condición de socio/a implica a aceptación do tratamento daqueles datos persoais que resulten estritamente necesarios para a xestión administrativa, económica, organizativa e deportiva do Club, en virtude da relación asociativa establecida e para o cumprimento das obrigas legais ou federativas derivadas da mesma.
2. O uso, difusión ou publicación de imaxes, vídeos ou o nome dos socios/as nos medios de comunicación oficiais do club (páxina web, redes sociais ou boletíns informativos) con fins divulgativos, de promoción da actividade deportiva ou informativos, requirirá o consentimento expreso do interesado (ou dos seus titores legais no caso de menores de idade). Este consentimento será de carácter voluntario e poderá ser revogado en calquera momento mediante comunicación por escrito dirixida á Secretaría do Club, sen que dita revogación afecte en ningún caso á súa permanencia ou dereitos como membro da entidade.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

Os presentes Estatutos, que actualizan, melloran e substitúen aos visados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia con data 20 de maio de 2025, entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea

Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, procedéndose á súa inscrición como Texto Refundido no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

En Gondomar, a 3 de Xullo de 2026.